

Convocatoria interna de financiamento basal de grupos de investigación e investigadores/as individuais da UDC 2026

Preámbulo

A UDC vén contribuindo dende hai anos ao fortalecemento da actividade dos seus grupos de investigación e persoal investigador individual a través de diversas accións e programas de financiamento propios, dentro dos que cabe destacar dous instrumentos financeiros principais: o diñeiro achegado aos grupos e persoal investigador a través da convocatoria de “Financiamento interno basal de grupos de investigación e investigadores/as individuais”; e, en segundo lugar, aqueloutro procedente da convocatoria de “Axudas á investigación da UDC”, que sufraga a organización de congresos, estadías, etc. Pola súa contía e estabilidade a convocatoria anual de financiamento interno basal cobra especial relevancia.

Ata o ano 2025, esta liña desenvolvíase a través dunha convocatoria de axudas en concorrencia competitiva que empregaba como parámetro de repartición dunha avaliación externa da actividade investigadora dos grupos realizada pola Axencia Estatal de Investigación (AEI) no ano 2022 e unha ponderación polo tamaño do grupo.

A partir do ano 2025, a UDC mudou a súa política para adaptar os criterios de medida da repartición aos empregados pola Xunta de Galicia dentro do seu programa de “Consolidación e estruturación de unidades competitivas de investigación” e iniciou un período transitorio de cambio que pasou dun sistema baseado na avaliación externa da AEI a un sistema en que se comezaba a avaliar o aliñamento da actividade dos grupos ás demandas do programa de axudas de consolidación do goberno autonómico. O obxectivo principal é que os grupos da UDC poidan ter éxito nas convocatorias autonómicas.

Para iso, a UDC apostou por potenciar a agregación de capacidades e a mellora do enfoque estratéxico tanto daqueles grupos financiados pola Xunta de Galicia como, sobre todo, dos que non o estaban, co fin de que poidan mellorar o seu desempeño e elevar o seu nivel de recoñecemento e financiamento, ou ben de que poidan tentar alcanzar o dito recoñecemento no caso de non o teren. Por este motivo lanzou un programa de potenciación de grupos, denominado Programa AGRUPA, en que se combinan accións de soporte técnico e recursos económicos para acadar estes fins.

Así, AGRUPA toma como base de referencia o nivel que os grupos deben alcanzar de acordo cos criterios mínimos que fixa a Xunta de Galicia nas axudas para o financiamento de grupos e traballa para fortalecer e consolidar as capacidades para a investigación, o desenvolvemento e a innovación dos grupos e o persoal investigador individual da Universidade da Coruña (UDC). Neste programa préstase apoio técnico e económico para introducir melloras en ámbitos prioritarios de desenvolvemento tales como a reorientación do foco estratéxico da investigación que realizan os grupos, a agregación de capacidades ou a procura de sinerxías con outros grupos, o reforzo do liderado, a xeración dunha produción científica con maior impacto, a dinamización das súas actividades de transferencia e/ou o aumento da captación de recursos.

Complementariamente, e dentro de toda esta reordenación, en datas recentes aprobouse unha revisión normativa que adaptou a definición de grupo de investigación recoñecido pola Universidade á normativa estatal e universitaria vixente, e actualizou a normativa que regula a súa creación e composición. Ademais, estableceuse un novo marco procedemental co obxecto de simplificar e reducir a carga dos trámites administrativos relacionadas coa xestión dos grupos de investigación e persoal investigador activo da Universidade da Coruña. Esta reordenación incorporou dous elementos novos: a necesidade de establecer unha gobernanza nos grupos de

investigación e a definición de persoal investigador activo que consolida un concepto introducido por vez primeira na convocatoria interna de financiamento basal de 2025.

As gobernanzas participativas e a necesidade de cumprir uns criterios mínimos para integrarse nun grupo de investigación, ou ben ser investigador individual, perseguen crear contornas dinámicas de traballo que sexan proactivas coa necesidade de mellora continua á que o persoal investigador está obrigado.

Novidades da convocatoria

Segundo as bases establecidas na convocatoria de 2025, coa reorganización do financiamento basal da UDC, tenderíase a eliminar a avaliación externa dos grupos xa financiados pola Xunta de Galicia e centraríanse os esforzos, e o uso dos recursos económicos de formación e de avaliación, nos grupos non financiados. Por esta razón e de acordo co expresado na convocatoria de 2025, nesta convocatoria de 2026 dáse por **rematada a vixencia da avaliación da AEI do ano 2022** como un dos criterio de repartición.

Como consecuencia, nesta convocatoria de 2026, todos os grupos recibirán unha **cantidade estrutural** modulada polo desempeño que os grupos teñan no programa autonómico e que se complementará, en función do seu tamaño, tomando como base de cálculo o número de persoal investigador activo.

Todos os grupos de investigación, con máis de 3 INV, poderán acceder a **cantidades complementarias en concepto de incentivos**. No caso dos grupos de referencia competitiva (GRC) e grupos con potencial de crecemento (GPC) estes incentivos estarán vinculados á súa mellora no programa de financiamento autonómico. No caso dos grupos que non teñan a categoría de GRC ou GPC valorarase a súa **proactividade coas accións do Programa AGRUPA**. A este respecto, será determinante realizar un autodiagnóstico parametrizado da actividade do grupo que se concibe como un proceso de reflexión interna enfocado a analizar a situación actual do grupo e a orientar a toma de decisións sobre as estratexias de futuro. A finalidade da realización do autodiagnóstico non é fiscalizador, senón proporcionar información que permita orientar as accións para o fortalecemento e a consolidación das capacidades de I+D+i dos grupos de investigación. O resultado será un informe de uso interno que axude ao grupo, e ao equipo de REDCIDI que xestiona o programa AGRUPA, a reflexionaren sobre a estratexia, a organización e a actividade do grupo co fin de identificar os seus principais ámbitos de mellora.

Outra serie de accións como **ter incrementado a masa crítica** mediante fusión, ou absorcións doutros grupos, ou pola integración de persoal investigador individual; así como **ter solicitado participar en sesións de AGRUPA** e outras accións estratéxicas que permitan acadar o obxectivo de **presentarse á convocatoria de consolidación da Xunta de Galicia**.

Como resultado, no caso concreto dos grupos coas categoría autonómicas de GRC ou GPC **redúcese a carga burocrática** para o acceso a axuda da UDC.

Finalmente, e de acordo coa actual normativa de catálogo, as antigas unidades de investigación, así como os grupos de investigación que non cumpran os requisitos mínimos para seren considerados grupos de investigación, consideraranse grupos aínda que non cumpran os requisitos durante un período de tres anos.

Por todo o exposto, a UDC continúa na senda de reorganizar o seu financiamento basal tendo en conta se os grupos están xa financiados pola Xunta de Galicia, alixeirando a carga burocrática e centrando os seus esforzos e intensificando o uso dos seus recursos económicos, de formación e de avaliación nos grupos non financiados.

Todas estas consideracións fundamentan os principios sobre os que se sustenta a convocatoria de financiamento interno basal de grupos de investigación e investigadores/as individuais da UDC para o ano 2026.

Artigo 1. Obxecto

Esta convocatoria establece as condicións para o acceso ás axudas de financiamento interno basal de grupos de investigación e investigadores/as individuais da UDC en réxime de publicidade, obxectividade e concorrência competitiva.

Artigo 2. Beneficiarios/as

A esta convocatoria de axudas poderán presentarse todos os grupos de investigación e investigadores/as individuais inscritos/as no Catálogo de Investigación da UDC con antelación á publicación da convocatoria, de acordo con estas modalidades:

Modalidade A

- Grupo de investigación rexistrado como tal no Catálogo da UDC que conte cunha axuda na categoría de Grupos de Referencia Competitiva (GRC) do Programa de Consolidación e Estruturação de Unidades de Investigación da Xunta de Galicia nas convocatorias dos anos 2022, 2023, 2024 ou 2025.
- Grupo de investigación rexistrado como tal no Catálogo da UDC que conte cunha axuda na categoría de Grupos con Potencial de Crecemento (GPC) do Programa de Consolidación e Estruturação de Unidades de Investigación da Xunta de Galicia nas convocatorias dos anos 2023, 2024 ou 2025.

Modalidade B

- Grupo de investigación cun mínimo de 3 INV (categorías INV1, INV2 e INV3) adscritos rexistrado no Catálogo da UDC, sen financiamento procedente do Programa de Consolidación da Xunta de Galicia.

Modalidade C

- Grupo de investigación cun número inferior a 3 INV (categorías INV1, INV2 e INV3) adscritos rexistrado como tal no Catálogo da UDC, sen financiamento procedente do Programa de Consolidación da Xunta de Galicia.
- Persoal investigador individual rexistrado como tal no Catálogo da UDC.

Artigo 3. Requisitos

1. Os grupos de investigación e o persoal investigador individual deberán estar inscritos no Catálogo de Investigación, de conformidade co establecido no Regulamento 9/2025, do 4 de novembro, do Consello de Goberno, polo que se establecen os criterios para o recoñecemento de grupos de investigación e persoal investigador individual do Catálogo de Investigación da UDC, antes da data en que se publique esta convocatoria.

2. Os grupos de investigación deberán ter un sistema de gobernanza aprobado pola Comisión de Investigación e de acordo coa normativa vixente.

3. Os grupos de investigación e investigadores/as individuais que desexen recibir financiamento basal interno deberán cumprir cos seguintes compromisos:

3.1 Informe sobre o uso dos recursos obtidos. Deberase de cubrir o informe sobre o uso dos recursos obtidos nesa convocatoria e o impacto xerado con eles (*Anexo II - Informe sobre o uso dos recursos obtidos*).

NOTA: están exentos de presentar este informe os grupos de investigación e persoal investigador que se presenten na anualidade de 2026 e que non recibisen fondos da axuda interna da UDC no 2025.

3.2 Cadro de indicadores. Todos os grupos de investigación e persoal investigador da UDC deberán entregar o cadro de indicadores relativos á produción científica, a innovación e a transferencia do coñecemento que levasen a cabo (*Anexo III - Cadro de indicadores*).

NOTA: están exentos de presentar este cadro de indicadores os grupos de investigación da Modalidade A (con axuda activa de GRC ou GPC do Programa de Consolidación da Xunta de Galicia). Por simplificación administrativa, será substituído pola última documentación que o grupo remitiu á Xunta de Galicia e que xa está en poder da UDC.

OBSERVACIÓNS

Aqueles grupos que recibisen fondos na anualidade de 2025, pero agora concorran fusionados na convocatoria do 2026, deberán presentar igualmente o seu correspondente informe e cadro de indicadores. Se algún dos grupos fusionados non entrega o informe e/ou cadro de indicadores, suporá a perda da parte proporcional correspondente ao grupo que non o entregue.

Aquel persoal investigador que recibise fondos na anualidade de 2025, pero agora concorra integrado nun grupo de investigación na convocatoria do 2026, deberá presentar igualmente o seu correspondente informe e cadro de indicadores. Se non se entrega o informe e/ou cadro de indicadores, suporá a perda para o grupo da parte proporcional correspondente da súa integración.

A análise do informe anual e o cadro de indicadores pode ocasionar un cambio de orientación na asignación dos recursos técnicos e económicos que se poña á súa disposición nos anos sucesivos. A decisión tomarase por parte da Comisión de Investigación, logo do informe da REDCIDI.

Artigo 4. Formalización e presentación de solicitudes

1. As solicitudes, dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia (VIT), presentaranse a través do Rexistro Electrónico da Sede Electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal>).

A solicitude realizaraa quen coordine o grupo de investigación ou ben o/a investigador/a individual, de ser o caso. Para iso cubrirá e asinará electronicamente o *formulario de solicitude* (Anexo I), de ser o caso o *Informe sobre o uso dos recursos obtidos na repartición de 2025 e o impacto xerado* (Anexo II), e o *Cadro de indicadores relativos á produción científica, a innovación e a transferencia do coñecemento* (Anexo III).

2. O prazo de presentación de solicitudes para a convocatoria de 2026 estará aberto desde o día 25/03/2026 ata as 23:59 h do 13/04/2026.

3. Os anuncios referentes a esta convocatoria publicaranse no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC e na páxina web da VIT.

4. No prazo máximo de 10 días hábiles a partir do 14/04/2026, o Servizo de Investigación publicará no TEO a listaxe dos grupos de investigación e investigadores/as individuais que teñan completa a documentación. Así mesmo, abrirá un prazo de 5 días hábiles para que se poidan emendar os erros que haxa nas solicitudes e/ou completar a documentación que se entregou.

5. Unha vez transcorrido o prazo para as emendas ou alegacións, a VIT ditará unha resolución pola cal se aproben as listaxes definitivas das solicitudes admitidas e excluídas, que se publicará no TEO.

Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada ante o reitor da UDC no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro,

do procedemento administrativo común das administracións públicas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no TEO.

6. Os grupos de investigación e o persoal investigador individual que non formalicen esta solicitude renuncian a calquera financiamento da UDC para a actividade investigadora que realicen na anualidade de 2026.

7. Non axustarse aos termos da convocatoria, incumplir os requisitos establecidos nela, ocultar datos, alteralos ou calquera manipulación da información solicitada serán causa de desestimación da solicitude que se presente, con independencia de que se poidan acordar outro tipo de actuacións.

Artigo 5. Criterios de repartición

A axuda componse de dous módulos: un módulo estrutural que asigna unha cantidade de acordo coa modalidade (A, B, C) e mais o seu tamaño; e un módulo variable de incentivos en función do nivel de desempeño dos grupos de investigación (nivel 1, nivel 2, nivel 3).

Módulo 1 (estrutural). Cada un dos grupos de investigación e o persoal investigador individual que accedan á convocatoria, cumprindo os requisitos, recibirá unha cantidade fixa, en función da modalidade á que se asignen, de acordo coa seguinte táboa:

Módulo 1. Parte fixa correspondente á modalidade			
Modalidade A	Grupos de referencia competitiva (GRC)	Tramo de financiamento A	6750 €
		Tramo de financiamento B	5400 €
		Tramo de financiamento C	4700 €
		Tramo de financiamento D	3500 €
	Grupos con potencial de crecemento (GPC)	Tramo de financiamento A	3000 €
		Tramo de financiamento B	2500 €
Modalidade B	Grupo de investigación con mínimo 3 INV adscritos no grupo, sen financiamento procedente do Programa de Consolidación da Xunta de Galicia e rexistrados como tal no Catálogo da UDC.		700 €
Modalidade C	Grupo de investigación con menos de 3 INV adscritos no grupo, sen financiamento procedente do Programa de Consolidación da Xunta de Galicia e rexistrados como tal no Catálogo da UDC.		200 €
	Persoal investigador individual rexistrado como tal no Catálogo da UDC.		0 €

A parte fixa do módulo 1 complementarase cunha parte variable baseada no tamaño do grupo. O importe total asignado a esta parte variable do módulo 1 dividirse entre o número total de persoal INV (INV1, INV2, INV3) que participa na convocatoria para obter o valor de referencia. O importe variable do módulo 1 asignado a cada grupo será o resultado de multiplicar o valor de referencia polo número total de persoas INV adscritas ao grupo.

No caso dos/as investigadores/as individuais recibirán unicamente o valor de referencia que se asigne por persoal investigador activo (valor de referencia).

O importe total asignado á parte variable do modulo, establecerase unha vez repartida a parte fixa do módulo 1 e os incentivos do módulo.

Módulo 2 (incentivos). Estableceranse tres niveis de desempeño, coherentes cos do programa AGRUPA, baseados na implicación demostrada e a proactividade no proceso de mellora.

Módulo 2. Niveis de desempeño, que determinan cales serán os incentivos	
Nivel 1	Grupos de investigación da modalidade A que teñen unha axuda activa do Programa de Consolidación da Xunta de Galicia (GRC e GPC). Considérase que conseguiron acadar o nivel de rendemento máximo de acordo cos fins do Programa AGRUPA.
Nivel 2	Grupos de investigación da modalidade B que, sen alcanzar financiamento no Programa de Consolidación da Xunta de Galicia, tentan mellorar o seu rendemento de forma proactiva de acordo cos principios do Programa AGRUPA.
Nivel 3	Grupos de investigación da modalidade B que non evidencien/acrediten unha participación activa de acordo cos principios do Programa AGRUPA. Este nivel poderá ver reducido o financiamento asignado se previamente así o aproba a Comisión de Investigación.

A clasificación dos grupos en cada nivel revisarase anualmente e poderá ir adaptándose en función da evolución dos programas de referencia (GRC e GPC), do programa AGRUPA ou da aparición de novas convocatorias externas que así o aconsellen.

Os integrantes da modalidade C non accederán ao módulo de incentivos. A súa integración en estruturas de grupo será incentivada no seo do grupo en que se integren ou se incrementan o número de membros dentro do grupo.

Os incentivos asignaranse de acordo cos criterios establecidos para cada nivel de desempeño.

Nivel 1. Incentivos

Os incentivos que se terán en conta neste nivel serán os seguintes:

- I. Por **mellora de resultados** na última convocatoria autonómica (resolta no ano 2025):

Ter acadado <i>ex novo</i> a condición de GPC ou GRC	1000 €
Incremento do nivel de financiamento GPC ou GRC	500 €
Cambio de modalidade de GPC a GRC	1500 €

Os incentivos deste apartado non son acumulables entre si. En todos estes casos non será preciso achegar documentación xustificativa, dado que será apreciada de oficio pola Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

- II. Por **aumento de masa crítica** segundo os seguintes criterios:

Fusión ou absorción de grupos de investigación existentes (só deberá quedar como máximo un no Catálogo da Investigación). As fusiones ou absorcións deberon realizarse durante a anualidade 2025.	1000 €
Integración no grupo dun/ha investigador/a individual dado/a de alta como tal no Catálogo da Investigación (incentivarase ao grupo en que se integra). A integración debeu realizarse durante a anualidade 2025.	Valor de referencia establecido no Módulo 1 (estrutural)

En caso de fusión ou absorción de grupos e que reciben financiamento na anualidade 2025, ademais de recibir o incentivo, o novo grupo resultante recibirá en 2026 a suma das asignacións da parte estrutural que lle corresponderían a cada grupo na convocatoria 2026 de se presentaren por separado.

Nivel 2. Requisito

Asignárase aos grupos sen financiamento autonómico que cumpran co seguinte requisito de proactividade de participación no Programa AGRUPA:

- Cubrir o **documento de autodiagnóstico** do grupo de investigación e enviar, antes da finalización do prazo de solicitude as 23:59 h do 13/04/2026, a: agrupa.redcidi@udc.gal

O autodiagnóstico é un proceso de reflexión interna enfocado a analizar a situación actual do grupo e a orientar a toma de decisións sobre as estratexias de futuro. A finalidade da realización deste autodiagnóstico é proporcionar información que permita orientar as accións para o fortalecemento e a consolidación das capacidades de I+D+i dos grupos de investigación.

O resultado será un informe de uso interno que axude ao grupo, e ao equipo de REDCIDI que xestiona o programa AGRUPA, a reflexionaren sobre a estratexia, a organización e a actividade do grupo co fin de identificar os seus principais ámbitos de mellora.

Nivel 2. Incentivos. Os incentivos, que a VIT apreciará de oficio, serán os seguintes:

I. Nivel de proactividade no programa AGRUPA

Ter solicitado a súa participación nas sesións de asesoramento do programa AGRUPA antes do 1 de novembro de 2025, tal como se indicou no seu momento na nota informativa enviada por correo o 14/10/2025.	450 €
Cubrir o documento de autodiagnóstico do grupo de investigación.	200 €
Ter solicitado, antes do 13 de xaneiro de 2026, a participación no curso formativo en OpenCMS para a creación dunha páxina web ou dispoñer dunha páxina web actualizada, accesible e conforme a normativa de imaxe, en que se recolla información relevante do grupo de investigación.*	100 €

**Para acceder a este complemento verificarase que os contidos están actualizados, que a páxina é accesible e non presenta ligazóns rotas ou inoperativos, que se axusta á normativa de imaxe da UDC (inclusión de logos institucionais) e que conteña información relativa á presentación do grupo (contacto e localización), integrantes, liñas de investigación, instalacións/equipamento, proxectos, publicacións, eventos que organicen/actividade do grupo etc.*

- ### II. Terse presentado na categoría de GRC ou GPC, aínda que non se acadase financiamento na convocatoria autonómica de 2025.

Terse presentado na categoría de GRC ou GPC sen acadar financiamento ou ter perdido algunha das condicións.	1300 €
---	--------

- ### III. Por aumento de masa crítica segundo os seguintes supostos:

Fusión ou absorción de grupos de investigación existentes (só deberá quedar como máximo un no Catálogo da Investigación). As fusións ou absorcións deberon realizarse durante a anualidade 2025.	1000 €
--	--------

Integración dun/ha investigador/a individual dado/a de alta como tal no Catálogo da Investigación no grupo (incentivarase ao grupo en que se integra). A integración debeu realizarse durante a anualidade 2025.	Valor de referencia establecido no Módulo 1 (estrutural)
--	--

En caso de fusión ou absorción de grupos e que recibisen financiamento na anualidade 2025, ademais de recibir o incentivo, o novo grupo resultante recibirá, durante a anualidade 2026, a suma das asignacións da parte estrutural que lle corresponderían a cada grupo na convocatoria 2026 de se presentaren por separado.

Nivel 3

Asignárase este nivel aos grupos sen financiamento autonómico que non presenten o documento de autodiagnóstico do grupo de investigación. A asignación neste nivel de desempeño suporá que o grupo non recibirá ningún incentivo.

A concreción e peso relativo da repartición económica poderá adaptarse en cada exercicio en función do orzamento dispoñible e das necesidades estratéxicas detectadas.

Artigo 6. Resolución

A competencia para resolver estas axudas correspóndelle á VIT. A Comisión de Investigación será o órgano colexiado que se encargue de elaborar o informe que conterá a proposta de concesión das axudas para o órgano instructor. A VIT publicará daquela a resolución provisional coa listaxe das solicitudes seleccionadas e o importe da axuda que se concede.

Contra a devandita resolución provisional, as persoas interesadas poderán formular as alegacións que estimen oportunas no prazo de 10 días hábiles desde a data da súa publicación. Unha vez transcorrido ese prazo e analizadas, se fose o caso, as alegacións pola VIT, a resolución definitiva publicarase dentro dun novo prazo de 10 días hábiles.

Contra a resolución definitiva as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada ante o reitor da UDC no prazo dun mes, conforme o establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no TEO.

Artigo 7. Libramento da axuda

O libramento dos fondos para cada grupo de investigación e investigador/a individual farase á súa correspondente partida orzamentaria.

No caso dos grupos de investigación, a persoa coordinadora do grupo determinará a maneira en que os seus membros accederán aos recursos. O persoal investigador, técnico ou de xestión contratado con cargo a proxectos poderá acceder a eles a través da tutela das investigadoras e dos investigadores responsables dos proxectos. O persoal investigador en formación poderá acceder a eles a través de quen dirixa a súa actividade investigadora.

As cantidades percibidas nesta convocatoria poderanse incorporar ao exercicio económico seguinte unha soa vez.

Artigo 8. Control

A VIT poderá levar a cabo as actividades que considere oportunas para o seguimento do cumprimento das obrigas derivadas da axuda e do Programa AGRUPA.

A inclusión dos grupos de investigación e do persoal investigador individual no Programa AGRUPA co fin de realizar un correcto seguimento da súa evolución. No caso de que exista algunha variación estrutural ou na composición do grupo durante a vixencia da axuda, a persoa coordinadora ou, de ser

o caso, o/a investigador/a individual deberá comunicar tales modificacións ao Catálogo de Investigación da UDC, que, á súa vez, llas notificará á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

Periodicamente, realizaranse reunións de seguimento do itinerario de mellora, onde se establecerán os obxectivos para alcanzar e as posibles desviacións que poida ter tras a súa implantación.

Así mesmo, anualmente as persoas coordinadoras dos grupos e os/as investigadores/as individuais que reciban financiamento basal interno elaborarán un breve informe sobre o uso dos recursos obtidos e o impacto xerado con eles que deberán de remitir a REDCIDi, así como cubrir un cadro de indicadores relativos á produción científica, a innovación e a transferencia do coñecemento que levasen a cabo.

A análise do informe anual poderá ocasionar un cambio de orientación na asignación dos recursos técnicos e económicos que se poña á súa disposición nos anos sucesivos.

Artigo 9. Dotación orzamentaria

O orzamento destas axudas é dun total de 480 000 € e imputarase á partida 050A 541A 649.10, dotada adecuadamente para este fin nos orzamentos da UDC para o ano 2026.

Esta cantidade global poderá verse suxeita a reducións orzamentarias. As cantidades modificaranse de modo uniforme de acordo coa porcentaxe da mingua que se determine.

Artigo 10. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria implica que se aceptan as súas bases, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer un recurso de alzada ante o reitor da UDC, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria.

Así mesmo, a participación nesta convocatoria implica asumir os principios do Programa AGRUPA, o que posibilitará beneficiarse das súas accións:

- Prestarase apoio naqueles procesos de renovación da axuda ou nas reformulacións que sexan precisas para subir de categoría e limiares de financiamento.
- No caso dos grupos que non dispoñan dunha axuda da categoría de GRC ou GPC, a través da REDCIDi desenvolverase unha actividade conducente a que estes grupos e agrupacións poidan obter a acreditación da Xunta de Galicia. Esta actividade incluírá accións de formación e apoio á redacción das solicitudes, amais de accións de promoción da agrupación de persoas en unidades competitivas.
- No caso do persoal investigador individual, a REDCIDi poderá propoñer, de acordo coas persoas interesadas, ben a súa incorporación a un grupo de investigación xa existente, ben a súa fusión en novos grupos de investigación, para maximizar os recursos económicos e mellorar o seu desempeño.

Todo o persoal investigador beneficiario queda obrigado a cumprir cos requisitos deste programa.